



<b>BECERROS RECRÍA</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>204.010</b>
<b>TOTAL ASISTENCIA</b>	<b>878</b>		
<b>TOTAL ADXUDICADOS</b>	<b>829</b>		

<b>RAZA FRISÓN</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
<b>BECERROS DE 0 A 20 DÍAS</b>	<b>108</b>	<b>165</b>
<b>BECERROS DE 21 A 50 DÍAS</b>	<b>124</b>	<b>168</b>
<b>BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS</b>	<b>141</b>	<b>276</b>

<b>RAZA CRUCES INDUSTRIAL</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
<b>BECERROS DE 0 A 20 DÍAS</b>	<b>283</b>	<b>212</b>
<b>BECERROS DE 21 A 50 DÍAS</b>	<b>322</b>	<b>251</b>
<b>BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS</b>	<b>375</b>	<b>284</b>

<b>RAZA RUBIA GALEGA</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
<b>BECERROS DE 0 A 25 DÍAS</b>	<b>*</b>	<b>184</b>
<b>BECERROS DE 26 A 50 DÍAS</b>	<b>382</b>	<b>276</b>
<b>BECERROS DE 51 A 120 DÍAS</b>	<b>569</b>	<b>463</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

<b>VACUNO MAIOR</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>206.841</b>
<b>TOTAL ASISTENCIA</b>	<b>297</b>		
<b>TOTAL ADXUDICADOS</b>	<b>277</b>		

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PRECIO SEMANAL</b>
<b>VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U</b>	<b>1.463</b>
<b>VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R</b>	<b>976</b>
<b>VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O</b>	<b>551</b>
<b>VACAS CATEGORÍA DESFEITO P</b>	<b>280</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

<b>BECERROS CARNICEIROS</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>40.294</b>
<b>TOTAL ASISTENCIA</b>	<b>55</b>		
<b>TOTAL ADXUDICADOS</b>	<b>45</b>		

<b>PRECIOS KG/ VIVO</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
<b>RAZA FRISÓN</b>	<b>1,77</b>	<b>*</b>
<b>RAZA CRUCE INDUSTRIAL</b>	<b>2,55</b>	<b>2,29</b>
<b>RAZA RUBIA GALEGA</b>	<b>2,18</b>	<b>2,36</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

**PORCINO CEBADO**

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,550	0,00	<p><b>Segunda semana con estabilidade nas cotizacións:</b> Estrano mes de xuño se presentou no presente ano; factores coxunturais alleos ao sector parecen empeñados en marcar o mercado do porcino para todo o 2008. Deste xeito, e cando deberían terse rexistrado as maiores subas do ano, as cotizacións mantéñense estábeis, froito dos efectos que está a ter o paro do transporte sobre o sector, e na presente, súmase unha nova folga (a dos veterinarios, previstas para hoxe e mañá) e que afectará á actividade dos matadoiros para a presente semana.</p> <p><b>Situación do mercado:</b> Os pesos na presente semana subiron con rotundidade despois de cinco semanas consecutivas á baixa, afectado polo paro do transporte. Existe unha sobreoferta puntual, que terá que ser absorvida nas vindeiras semanas, aínda que o paro nos matadoiros obrigado pola folga dos veterinarios afectará e incrementará a xestións destes retrasos puntuais. E éntrase agora de cheo nunha coxuntura desfavorábel no norte Europeo; os diferenciais nas cotizacións reducense e con esta recúrtase a marxe para as transaccións intracomunitarias. E o consumo interior segue a ser feble. Aínda así, sinalar que os problemas comentados son esóxenos e puntuais, atopándonos nunha coxuntura estacional alcista.</p>
SELECTO	1,305	0,00	
NORMAL	1,280	0,00	
CASTRADO	1,405	0,00	
CANAL II	1,662	0,00	
DESVELLE	0,70/0,76	0,00	

**BACORIÑOS**

BASE 20 KGS.	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF.	
SELECTO	S/C	S/C	--	<p><b>Quinta semana sen cotización no mercado dos bacoriños.</b></p> <p>Os axentes participantes na Lonxa Agropecuaria de Galicia decidiron deixar sen cotización ao bacoriño ao situarse este por baixo do limiar dos 25 €, que tiñan prefixado xa con anterioridade para deixalo sen prezo.</p> <p>A situación parece que mellora pero moi lixeiramente, aínda que segue a ser claramente desfavorábel, e non se albisca nas vindeiras semanas unha situación que permita comercializar por riba deses 25 € que se marcou a Lonxa. Existe algo máis de movemento no mercado, pero a oferta é claramente superior á demanda, recurtada tamén polos efectos do paro do transporte (ao non poder sacar todo o cebo dos cebadoiros tampouco se xeraron prazas con normalidade). A partires dagora a cotización dos bacoriños dependerá do prezo do cebo, coa vista posta no ritmo de matanza, e da incógnita do calendario do porco cebado no fin de ano (en xullo, poden encherse cebadoiros con leitóns que saian cara novembro, cando o prezo acostuma a rebotar da caída outonal)</p>
NORMAL	S/C	S/C	--	

**OVOS**

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,52	+0,02	1,52	+0,02	<p><b>Segunda suba dos ovos no mes de xuño.</b> O mercado do ovo segue mantendo o lixeiro troco de tendencia comentado na pasada semana e reactivase, polo que a situación de sobranse nun mercado con síntoma de cansancio parece quedar atrás e as baixas nas cotizacións de semanas anteriores parecen que reactivaron moi lixeiramente a demanda. E á vista dos datos para as existencias que repuntaran na semana pasada rexistran na presente unha forte corrección axudando á suba da presente semana.</p> <p><u>Mercado Estabilizado e previsións de lixeiras alzas</u></p>
L	1,20	+0,02	1,20	+0,02	
M	1,08	+0,02	1,08	+0,02	
S	0,85	+0,02	0,85	+0,02	

**GALIÑAS DE DESVELLE**

	EUROS		
	KG.	DIF.	
SEMPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	0,00	<p><b>Oitava semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas:</b> O mercado das galiñas mantense firme e a situación é análoga ás últimas semanas onde se destaca unha baixa oferta, e un mercado equilibrado. Encarase pois a senda estacional de repeticións, e nada apunta que troque esta estabilidade no presente ano.</p> <p>As cotizacións son un 68% superiores ás de hai un ano.</p>

**COELLO**

	EUROS		
	KG.	DIF.	
GRANXA EN VIVO			<p><b>Pese á suba a situación é delicada.</b> O mes de xuño remata cunha cotización á alza no prezo do coello, pero non todos os axentes coincidiron: Os matadoiros insisten no baixo consumo, e nos efectos que tivo a folga de transporte, insistindo en manter as cotizacións; porén a produción é inflexibel: agora a falta de coello é patente, tendo que refrexarse nos prezos. Así factores externos (paro no transporte hai dúas semanas e folga dos veterinarios na presente) marcarán as cotizacións das vindeiras semanas. <u>Solución de compromiso</u></p>
NOVO	1,34	+0,05	